

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 10/02/2020
(Extracto en [http://: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 10/02/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de febreiro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/0286

Dáse conta do escrito presentado por D. Iñigo Bellido fonseca, en representación de Vepersa para instalación dun directorio de empresas na Rúa Daniel Espiño, no que figurarían tódalas empresas do Polígono de Trabanca.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a colocación, debendo situalo ó comezo da Rúa Daniel Espiño, o máis próximo posible á rotonda, a carón da zona axardinada, na parte interior da beirarrúa, co fin de non interferir na circulación dos peóns evitando así mesmo a obstaculización da sinalización vertical da para de BUS.

Deberá poñerse en contacto coa Policía Local antes de proceder á súa colocación.

PRP2020/0507

Dáse conta do escrito presentado por D. Gregorio Caldas Castro solicitando a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos no termo municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0508

Dáse conta de informe da Policía Local relativo a queixas dos veciños da Rúa Luchana, Carril, no que indican que os bolardos/pivotes delimitativos da parte destinada a beirarrúa, se atopan en mal estado ou incluso non existen, co conseguinte risco que iso supón para os peóns que circulen pola zona.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación dos bolardos/pivotes.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2020/0510

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en

representación de Asoc. Protectora de Animais de Vilagarcía, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 15 de febreiro, en horario de 10:00 a 15:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0511

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras (Promoción Educativa), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para reparacións necesarias no CEIP Vilaxoán e CEIP Anexo A Lomba, por un importe total de 4.356,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, coa seguinte desagregación:

- CEIP Vilaxoán: 3.388,00 € (IVE incluído)
- CEIP Anexo A Lomba: 968,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0512

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras (Promoción Cultural), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para reparacións necesarias no Centro Cultural de Vilaxoán e Centro Cultural de Bamio, por un importe total de 3.993,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 334.212, coa seguinte desagregación:

- Centro Cultural Vilaxoán: 1.089,00 € (IVE incluído)
- Centro Cultural Bamio: 2.904,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0513

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para reparacións necesarias na Biblioteca de Bamio, por un importe total de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0514

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para reparacións necesarias na Escola de Música Bernardo del Río, por un importe total de 1.573,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0515

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Mantenimientos Contraincendios SL para o servizo de mantemento dos sistemas de extinción de incendios das instalacións Municipais, por un importe total de 3.593,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0516

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Jesús Durán Vila solicitando a limitación de estacionamento de vehículos na Rúa Da Pereira, diante dos inmobles cos números 23 e 25 mediante a colocación de sinalización vertical e horizontal, para poder acceder con normalidade á súa vivenda.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á sinalización co fin de facilitar o acceso ás vivendas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/0517

Dáse conta do escrito presentado por Dona Leticia Polo Sanz, en representación de Distribuidora Internacional de Alimentación SA solicitando a concesión dunha zona de reserva de carga e descarga en Rúa San Cibran, de 15 metros lineais, para o correcto funcionamento da actividade, en horario de 08:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a reserva para carga e descarga, de carácter particular solicitada, estando suxeita ao prezo público de acordo coa ordenanza fiscal correspondente, debendo sinalizala tanto vertical como horizontalmente con sinais homologadas polas normas vixentes en materia de tráfico.

Deberá poñerse en contacto co Departamento de Rendas para o aboamento do prezo público correspondente, sendo a reserva con carácter temporal e debendo realizar a renovación da autorización anualmente.

Así mesmo deberá poñerse en contacto coa Policía Local aos efectos de determinar a correcta sinalización da reserva autorizada.

PRP2020/0518

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación de O Soño de Lilith, solicitando autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia o día 8 de marzo a partir das 10:00 horas coa instalación de 4 carpas, 5 mesas, 25 cadeiras, equipo de

megafonía, etc, con motivo da celebración do Día das Mulleres, e no caso de choiva a autorización para realizar os actos na Praza da Peixería..

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización e cesión de material solicitado.

Visto o informe da Policía Local, deberán ás seguintes condicións no caso de realizarse na Praza de Galicia:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

No caso de realizarse na Praza da Peixería, deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicado na sede electrónica municipal (<http://sede.vilagarcia.gal>)

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como dispor da documentación necesaria segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo da citada instalación municipal.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras, Servizo de Electricidade e Policía Local.

PRP2020/0553

Dáse conta de informe do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias en relación coa existencia de árbores que presentan risco de caída sobre a vía pública en parcela con referencia catastral 36060A03400755, situada en Avda. de Cornazo e considerando necesario que se proceda á tala dunha franxa de seguridade para evitar o risco de caída sobre a vía pública.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a solicitar o correspondente orzamento para a tala das árbores necesarias por razóns de seguridade da vía pública.

Dar conta ao Servizo Municipal de Emerxencias.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2020/0545

Dáse conta da Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2020, das axudas e subvencións para obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia concibidos como programa de formación, práctica profesional para incentivos á contratación temporal en empresas, respectando, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade (TR353A).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2020 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Atención sociosanitaria e axuda a domicilio segundo as distintas patoloxías a usuarios de Servizos Sociais e xestión de chamadas de teleasistencia a usuarias/os da Concellería de Muller e Seguridade Cidadá.
- Elaboración e mantemento de mobiliario para a revalorización dos espazos públicos naturais e urbanos en instalacións en edificios de titularidade municipal..

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nos módulos antes mencionados:

-Atención sociosanitaria e teleasistencia: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 SSCS0108 e SSCG0111

- Traballos de Carpintería e moble: Certificado de profesionalidade NIVEL 1 MAMD020

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 346.945,40 €, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
98.496 €	27.072 €	199.499,40 €	21.878 €	346.945,40 €

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE MIL UN EUROS (20.001 €) para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal do Concello.

PRP2020/0546

Dáse conta da Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos ás persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353B).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego para a Mocidade LABORAXOVE 2020 CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Asistencia operativa aos Servizos Municipais de Emerxencias e a Fundación Municipal de Deportes nas actividades de socorrismo en espazos naturais e nas instalacións acuáticas de titularidade municipal con utilización de embarcacións específicas para o salvamento.
- Realización, conservación e mantemento de xardíns e espazos públicos naturais con aproveitamento forestal en zonas forestais municipais..

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 16 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Socorrismo acuático e goberno de embarcacións de salvamento: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AFDP0209/AFDP0109/MAPN0210).
- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes de aproveitamento forestal: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AGAO0208/AGAR0108).

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 369.491,68 €, distribuídas do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS TRABALLADORES/AS	ALUMNOS/AS	SEGURIDADE SOCIAL TRABALLADORES/AS	ALUMNOS/AS	TOTAL
105.062,4 €	28.876,8 €	212.799,36 €		22.753,12 €		369.491,68 €

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000€) para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal.

PRP2020/0547

Dáse conta da publicación no DOG de 28 de xaneiro de 2020, da Orde de 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2020 (TR351F).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da citada Orde, dunha subvención total de 154.637,10 €, para a contratación de 15 traballadores/as desempregados/as durante 9 meses, a xornada completa:

- 4 Peóns Obras Públicas
- 7 Peóns traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 4 Peóns forestais

Aprobar unha aportación municipal de 55.822,5 €, con cargo ás partidas 4311.12000 e 920.12000.

PRP2020/0548

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, dunha subvención total de 54.000 €, dentro do Programa de Fomento do Emprego e Mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2020, para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as a xornada completa durante tres meses, para o Servizo de Salvamento e Socorrismo 2020, cunha aportación municipal de 4.133,16 €, con cargo á partida 241.131

PRP2020/0549

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de 31 de xaneiro de 2020, de concesión de prórroga por seis meses máis da subvención concedida para financiar unha parte do custo laboral total dos contratos en prácticas derivados do Programa "O Teu Primeiro Emprego", correspondendo ó Concello de Vilagarcía:

- Diplomatura/Grao en Traballo Social destinada á Área de Servizos Sociais: 6.000 €
- Diplomatura/Grao en Maxisterio Educación Primaria, destinada á Área de Educación: 6.000 €
- Ciclo superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede, destinado á Área de Emprego: 5.700 €

- Ciclo superior en Acondicionamento Físico, destinada á Fundación de Deportes: 5.700 €
A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2020/0550

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de recoñecemento de obriga e orde de pagamento do 50% restante da subvención concedida para a financiación dunha parte do custo laboral total dos contratos en prácticas derivados do programa "O Teu Primeiro Emprego" nos Concellos, por un importe de 11.700 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0551

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 19 Concello de Vilagarcía", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por María Paz Méndez Senlle - PM2 Formación, por un importe total de 750,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799, para a realización dun Curso de Prevención de Riscos Laborais de nivel básico, de 30 horas, modalidade presencial, para a especialidade de "Atención sociosanitaria a persoas en domicilio" do citado Obradoiro de Emprego.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0552

Dáse conta de escrito da Dirección Xeral de Ordenación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, autorizando o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da Orde de 10 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2019 e ata a data da resolución correspondente á convocatoria de axudas para o exercicio 2020, especificando que dita autorización non xerará dereitos de cara a resolución para o exercicio do 2020, polo que se o Concello non resulta beneficiario nese procedemento de axudas, en todo ou en parte dos servizos solicitados, entenderase revogada a autorización e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2020/0554

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, con motivo do Día de Rosalía, que se conmemora o 24 de febreiro, está prevista a realización dunha exposición bibliográfica das súas obras e dos estudos críticos e bibliográficos existentes nos fondos da Biblioteca, completando a exposición con dous paneis que fan un percorrido pola vida e obra da escritora.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo de exposicións da Casa de Cultura para a exposición "Rosalía de Castro", que permanecerá aberta dende o 27 de febreiro ata o 21 de marzo, en horario de 9 a 21 horas, de luns a venres, e os sábados de 9 a 14 horas.

PRP2020/0555

Dáse conta de informe da Directora da Biblioteca Pública Municipal no que indica que o técnico da empresa encargada do mantemento do elevador, debido ás reparacións que precisa procedeu á súa paralización, e considera necesario proceder a solucionar a reparación o antes posible.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

MERCADOS

PRP2020/0556

Dáse conta do escrito presentado por D. Julio Lesende Alvela, solicitando autorización para venda de pan, empanadas e doces no vehículo da súa propiedade no recinto do aparcamento do Supermercado "DIA" en As Carolinas.

Dáse conta de informe do Servizo de mercados, e visto o Artigo 7.3 do Regulamento Municipal de Venda Abulante:

ART. 7. Postos e vehículos de venda ambulante

3.- Os postos ou vehículos destinados á venda ambulante situaranse nos emprazamentos sinalados ao efecto polo Concello. Non poderán situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais, nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil ou rodada.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/0485

Dáse conta da publicación no DOG do día 17 de xaneiro de 2020 por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2020 destinadas a entidades locais de Galicia.

O artigo 3.1 da mencionada Orde establece que esta orde reguladora da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental inclúe... a) convocatoria de subvencións de natureza NON COMPETITIVA, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, aos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, relacionados no anexo V da orde e que formulen:

a) petición de maneira individual.

No artigo 14.2 da Orde regúlase o orzamento máximo, importes máximos subvencionables e límite de subvención para gastos de funcionamento na liña en concorrencia non competitiva e establécese que “a cantidade máxima da subvención a tanto global por concello segundo esta orde, será a suma das cantidades establecidas no anexo V. En ningún caso o importe da subvención poderá superar o orzamento total das actuacións para as cales o concello solicita subvención”. Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un importe máximo de subvención total de 11.423,37 euros, (2.471,32 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.952,05 € como importe máximo subvención por liñas).

De acordo co establecido no artigo 4.2.a) da Orde “considéranse tamén gastos subvencionables os contratos de subministración para a adquisición de equipamentos, produtos, vehículos ou bens mobles.”

O artigo 4.h).4 establece como gasto subvencionable “a maquinaria e equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural”.

A Concellería de Medio Ambiente propón a adquisición dunha máquina trituradora agrícola de martillo con cabezal desprazable para a trituración de restos de poda e maleza procedente da limpeza do rural e do roce das cunetas.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a adquisición dunha máquina trituradora de martillo para o servizo de medio ambiente deste Concello, por un importe de 11.423,37 e, con aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención, asumindo o Concello o importe non subvencionado, que se estima en 376,63 €, con cargo á partida 170.213.

TURISMO

PRP2020/0506

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación coa celebración os días 24, 25 e 26 de xullo, na Praia da Concha, o ATLANTIC FEST 2020, organizado por New Live Promociones Culturales SL, indicando que eventos como o Atlantic Fest forman parte da estratexia que Concello, dende diversas áreas, está a desenvolver para a promoción de Vilagarcía como destino turístico.

Á vista da citada proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a declaración do citado Festival como de Interese Turístico Local e que se proceda á remisión deste acordo á Xefatura Provincial de Costas.

PRP2020/0559

A Axencia de Turismo de Galicia publicou a Resolución do 28 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a xeodestinos de Galicia, para o desenvolvemento de actuacións de dinamización turística, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar unha agrupación dos concellos de Vilagarcía de Arousa e Catoira para levar a cabo o desenvolvemento da actividade así como a solicitude de subvención, ao abeiro da citada convocatoria, para proxecto denominado DESCENSO DO ULLA DENDE AS TORRES DO OESTE ATA CORTEGADA, POLA RUTA XACOBEO DO MAR DE AROUSA, con saída dende a Praia Fluvial de Catoira, remóntase o río ata a Illa do Rato, que se bordea e no que hai un dos cruceiros da Ruta Xacobeo e pásase polo entorno das Torre do Oeste, continúaase xa cara á Malveira Grande, na que se atopa o último cruceiro da ruta, para desembarcar na Praia da Concha.

O representante da agrupación destes dous Concellos é o Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Orzamento estimado: 29.300 €, financiando o Concello de Vilagarcía o 80% do gastos e o de Catoira o 20% restante.

O que se pretende con esta actividade é a posta en valor deste tramo do río Ulla, un espazo dunha beleza e natureza excepcional que resultar accesible para veciños e visitantes. A iniciativa resulta complementaria ao deseño desa ruta de sendeirismo polas beira do río na que están a

traballar os dous concellos e que suporá unha remodelación do trazado da Variante Espiritual do Salnés do Camiño Portugués.

Realizarase un vídeo con imaxes tomadas cun dron, do percorrido resaltando os 8 cruceiros da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa que están ubicados nas marxes do río nos Concellos de Vilagarcía de Arousa e Catoira.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2020/0571

Vista a proposta da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á poliza de seguros para a Escola Infantil de Vilaxoán (nº 31933711) da aseguradora Mutua General de Seguros, por un importe de 308,01 €, polo período de 03/02/2020 a 01/01/2021, prorrogable anualmente, con cargo á partida 232.224, e o recoñecemento de obriga polo citado importe unha vez presentada a correspondente factura por parte da aseguradora.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/0486

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por M. Nieves Ozores Núñez, para a realización de 2000 pulseiras moradas marcadas en branco para a campaña de sensibilización contra as agresións machistas que se vai desenvolver dende o Punto Lila do Entroido, por un importe total de 931,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2020/0561

Dáse conta dos convenios Económico-Cultural entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, para a súa posterior sinatura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a prórroga dos citados convenios para o ano 2020, coa aportación económica a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.48201:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME RESPONSABLE	PERSOA
Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril	G-36026151	1.800,00€	Lourdes Durán Pereira	
Centro Cultural e Deportivo Sixto de Solobeira	G-36016038	1.800,00€	Pedro Iglesias Barreiro	
Asociación Cultural Recreativa Contra Vento e Marea (Centro Cultural A Laxe)	G-36172260	1.800,00€	Julia M ^a Balboa Coello	

PRP2020/0562

Vista a solicitude de Dona María de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa, e o informe da Policía Local, a Xunta

de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días que a seguir se indican, para a celebración de mercados benéficos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- Xullo: 16, 17, 18, 19 e 20

- Outubro: 1, 2, 3, 4 e 5

- Decembro: 3, 4, 5, 6 e 7

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Deberán respectar o aforo da instalación.

Acórdase así mesmo colaboración municipal coa cesión de 40 mesas, 10 cadeiras, megafonía.

A presente autorización concédese en precario e condicionada a que por parte do Concello se programe algunha actividade na citada Instalación.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2020/0563

Vista a solicitude de D.José Javier Aguirre Lopetegui, en representación de TXALO PRODUKZIOAK SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 24 de abril de 2020, durante todo o día, para a representación da obra teatral "DESMONTANDO A SÉNECA", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de 18,00 € máis os gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Responsable de sala: 137,70€

- Operarios (2): 137,70 €

- Persoal de taquilla (2): 81,60 €

- Conserxe: 12,75 €

- Persoal de carga e descarga (4 operarios): 346,80 €

- TOTAL: 981,25 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2020/0573

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación para a posterior sinatura dos contratos coas distintas compañías teatrais dentro da programación do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2020, con un importe a asumir polo Concello con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	CIF	ESPECTÁCULO	DÍA	IMPORTE
TEATRO DO NOROESTE SL	B15353329	AS VIRXES SALVAXES	15/02/2020	4.900,00 €
CHÉVERE PRODUCCIONES SL	B15636517	CURVA ESPAÑA	21/03/2020	4.356,00 €
PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS SL	B15928377	MEDIDA X MEDIDA DE XHAKESPEARE	04/04/2020	5.082,00 €
TARABELA CREATIVA	J70583992	TABU	18/04/2020	2.238,00 €
CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA	F-15983067	SENIOR	30/05/2020	2.000,00 €

CONTRATACIÓN

PRP2020/0179

Dáse conta da tramitación do expediente de licitación para adxudicar, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, o contrato de servizos denominado "Servizo de Asistencia Xurídica en Materia de Urbanismo". Expte. CT 56/2019-e, e dos licitadores presentados, seguintes:

- NIF: 32782113Y Razón Social: ASESORA UTE
- NIF: B15527831 Razón Social: Ber&Mor Abogados, S.L.
- NIF: B15954829 Razón Social: C/ Miño 9 27001 Lugo (Stellgus, S.L.)
- NIF: B36980753 Razón Social: CALIXTO ESCARIZ, S.L.U.
- NIF: B97776090 Razón Social: HURTADO ABOGADOS, S.L.P.
- NIF: B-87653341 Razón Social: MEDIALAW ABOGADOS S.L.P.
- NIF: B98120298 Razón Social: Nuevas Ventajas S.L.
- NIF: B70550868 Razón Social: ROIBAS ABOGADOS SLP
- Razón Social: Sonia García Corzo

Vistas as ofertas técnicas presentadas e aplicados os criterios fixados nos pregos que rexen a licitación, propónse á Mesa de Contratación outorgar aos licitadores a seguinte puntuación.

ASESORA UTE.: Outórgaselle un total de 7 puntos desagregados como a seguir se indican:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos (excede do mínimo esixido nos pregos que rexen a licitación)
- Plan de realización dos traballos.- 2 puntos (oferta 1 día á semana de horario presencial – venres de 10,00 a 13,00 horas, e dicir 3 horas-)

BER&MOR ABOGADOS, S.L.- Outórgaselle un total de 7 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial os venres 3 horas,

outórgaselle 2 puntos

STELLGUS, S.L.- Outórgaselle un total de 8 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial 1 día a semana de 9 a 14:00 horas, e dicir 5 horas, outórgaselle 3 puntos

CALIXTO ESCARIZ, S.L.U.- Outórgaselle un total de 13 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial 2 días a semana de 8 a 15:00 horas, e dicir 2 días a xornada completa, outórgaselle 8 puntos

HURTADO ABOGADOS, S.L.P. Outórgaselle un total de 6 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial 1 vez cada 15 días, sen especificar horario, outórgaselle 1 punto.

MEDIALAW ABOGADOS S.L.P. Outórgaselle un total de 3 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 3 puntos (non acredita experiencia en materia urbanística)
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial previa petición, sen concretar días, nin horas; a comunicación sería vía correo electrónico e on line, outórgaselle 0 puntos

NUEVAS VENTAJAS S.L. Outórgaselle un total de 3 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 3 puntos (non acredita experiencia en materia urbanística)
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial previa petición con 24 horas de antelación, non concreta días, nin horas, outórgaselle 0 puntos.

ROIBAS ABOGADOS SLP.- Outórgaselle un total de 9 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial de 1 día a semana, outórgaselle 4 puntos.

SONIA GARCÍA CORZO.- Outórgaselle un total de 16 puntos desagregados como a seguir se indica:

- Medios materiais e técnicos.- 5 puntos
- Plan de realización dos traballos.- Oferta horario presencial de 3 días á semana, en horario de 9 a 15,00 horas (6 horas, non xornada completa), outórgaselle 11 puntos.”

Unha vez aplicados os criterios de valoración contemplados no PCAP, a mesa de contratación valorou as proposicións da seguinte maneira: Faise constar que, de acordo co indicado nos criterios de valoración contidos no PCAP, unicamente valorouse a formación (Cursos, diplomas, seminarios de contido xurídico en materia urbanística) do profesional responsable da execución

do contrato (1 profesional) da cal se presentou a correspondente acreditación (títulos, diplomas ou certificados).

Licitador	Oferta económica sin IVA	Puntuación económica oferta	Puntuación da Formación do Profesional responsable da execución do contrato (Cursos, diplomas, seminarios de contido xurídico en materia urbanística)
CALIXTO ESCARIZ, S.L.U	47.100,00	47,67	8
SONIA GARCÍA CORZO	66.600,00	11,01	20
HURTADO ABOGADOS, S.L.P.	57.966,95	27,24	16,75
ROIBAS ABOGADOS SLP	74.970,00	Excluído	Excluído
NUEVAS VENTAJAS S.L.	47.097,47	47,67	0
MEDIALAW ABOGADOS S.L.P.	65.213,00	13,62	0
ASESORA UTE	60.000,00	23,42	4
C/ MIÑO 9 27001 LUGO (STELLGUS, S.L.)	63.720,00	16,43	0
BER&MOR ABOGADOS, S.L.	43.200,00	55	5

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orde: 1 CIF: B36980753 CALIXTO ESCARIZ, S.L.U Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 13.0

Total criterios CAF: 55.67

Total puntuación: 68.67

Orden: 2 CIF: B15527831 BER&MOR ABOGADOS, S.L.

Total criterios CJV: 7.0

Total criterios CAF: 60.0

Total puntuación: 67.0

Orden: 3 CIF: B98120298 NUEVAS VENTAJAS S.L.

Total criterios CJV: 3.0

Total criterios CAF: 47.67

Total puntuación: 50.67

Orden: 4 CIF: B97776090 HURTADO ABOGADOS, S.L.P.

Total criterios CJV: 6.0

Total criterios CAF: 43.99

Total puntuación: 49.99

Orden: 5 SONIA GARCÍA CORZO

Total criterios CJV: 16.0

Total criterios CAF: 31.01

Total puntuación: 47.01

Orden: 6 CIF: 32782113Y ASESORA UTE

Total criterios CJV: 7.0

Total criterios CAF: 27.42

Total puntuación: 34.42

Orden: 7 CIF: B15954829 C/ MIÑO 9 27001 LUGO (STELLGUS, S.L.)

Total criterios CJV: 8.0

Total criterios CAF: 16.43

Total puntuación: 24.43

Orden: 8 CIF: B-87653341 MEDIALAW ABOGADOS S.L.P.

Total criterios CJV: 3.0

Total criterios CAF: 13.62

Total puntuación: 16.62

Orden: 9 CIF: B70550868 ROIBAS ABOGADOS SLP (Excluído de la licitación)

Total criterios CJV: 9.0

Total criterios CAF: 0.0

Total puntuación: 9.0

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de servizos denominado SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA EN MATERIA DE URBANISMO, cun orzamento de licitación de 72.458,69 € (IVE excluído) e de 87.675,01 € (IVE incluído), á empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: CALIXTO ESCARIZ, S.L.U con CIF: B36980753, de conformidade coa súa oferta, por ser a mellor valorada e, polo tanto, con mellor calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

- Prezo ofertado: 47.100,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 9.891,00 € o que totaliza un importe de 56.991,00 € (IVE incluído).

- Prestación do servizo de forma presencial nas dependencias do concello: 2 días á semana en horario de 08:00 a 15:00 horas.

2.- Que se requira ao licitador CALIXTO ESCARIZ, S.L.Ou, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a garantía definitiva (2.355,00 €) e a documentación xustificativa de todos aqueles requisitos para contratar que non se atopen inscritos no Rexistro de Licitadores correspondente.

PRP2020/0565

Dáse conta do Convenio de colaboración entre os Concellos de Portas, Caldas de Reis e Vilagarcía e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, para a realización da segunda fase construtiva do acondicionamento da vía verde do Salnés nun tramo do trazado de ferrocarril entre Vilagarcía de Arousa e a Estación de Portas, no que se establecen as seguintes obrigas para os Concellos:

- Poñer a disposición da Consellería de medio Ambiente, Territorio e Vivenda os terreos necesarios para poder levar a cabo a execución das actuacións sinaladas na cláusula segunda.

- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto deste convenio.

- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia de que a obra para a creación da "Vía Verde do Salnés" se levou cabo coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda..

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio de colaboración coas obrigas citadas.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2020/0489

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2020/2 por importe de 10.625,86€. Vistas a base 21ª.2 das B.E.O 2019 prorrogadas ao exercicio 2020, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Os xustificantes de gasto derivados de contratos de servizos e/ou subministro de tracto sucesivo correspondentes ós últimos períodos do exercicio,(derradeiro trimestre),

inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, así como de gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.

- Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.
- Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados dentro de programas municipais que teñan carácter continuo, execución e facturación mensual, para a imputación da mensuralidade de decembro do exercicio anterior ao orzamento corrente.
- Os gastos que cumprindo os requisitos do parágrafo anterior, o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal incorporado o expediente, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2020/2 por importe de 10.625,86€ coa seguinte desagregación:

REG.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Progr.	Econ.	Importe	Nombre	Texto Explicativo
F/2020/21	S20 004124	01/01/2020	912	22001	415,00	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	SUSCRIPCIÓN La Voz de Galicia PEDIDO 3710 PERIODO 01/01/2020 A 31/12/2020 EDICIÓN: AROUSA Datos de servicio: ILTMO. SR.
F/2020/44	01 00101---19002291	31/12/2019	170	22602	484,00	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA
F/2020/45	01 00101---19002292	31/12/2019	926	22602	387,20	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	CAMPAÑA NAVIDAD / CAMPAÑA NAVIDAD / CAMPAÑA NAVIDAD / CAMPAÑA NAVIDAD / CAMPAÑA NAVIDAD / CAMPAÑA NAVI
F/2020/50	GLFA1903671	31/12/2019	2311	22110	49,70	SRCL CONSEUR, S.L.U.	SUContenedorBiotrex60N (Sursursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUSA) / TRBiosanitarioBiotrex
F/2020/53	4002752793	31/12/2019	920	22201	4.922,38	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD
F/2020/397	PV19 327	31/12/2019	926	22602	484,00	EDITORIAL CAPITAL, S.L.	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA: ESPECIAL NADAL AROUSA 2019 ESPECIAL NADAL AROUSA 2019 24/12/2019
F/2020/399	PV19 328	31/12/2019	926	22602	484,00	EDITORIAL CAPITAL, S.L.	CONCELLO DE VILAGARCÍA: ANUARIO AROUSA 2019 ANUARIO AROUSA 2019 31/12/2019
F/2020/418	P19 013683	31/12/2019	926	22602	121,00	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	CONCELLO VILAGARCÍA. CULTURA DICIEMBRE; DIC-13; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo Esp.paginas; 5x2 MOD;
F/2020/464	O000089/2019	20/12/2019	2311	22106	40,00	GARCIA RODRIGUEZ, TRINIDAD	Mª SOLUCIÓN DE METADONA AL 1%. SPAD
F/2020/495	AZFE 0000002299	11/01/2020	338	224	94,48	ALLIANZ-RAS SEG. Y REASE.,SA	46532611 (PÓLIZA: 46532611 RECIBO: 377109445 RAMO 133-ACCIDENTES COLECTIVO)
F/2020/500	A 20000013	13/01/2020	926	22000	131,60	SKETCH SYSTEM, S.L.	COPIA COLOR A3 KONICA MINOLTA C658 (PERIODO DE FACTURACIÓN: 29/11/19 A 23/12/19 SOLICITADO POR: MANUEL VILARONGA GARCÍA
F/2020/534	200006	09/01/2020	2311	22106	40,00	RODRIGUEZ MARTINEZ, PILAR	Mº SOLUCIÓN METADONA AL 1%. SPAD
F/2020/654	005/20	14/01/2020	920	22000	274,50	PAPELERIA ARINES, C.B.	MATERIAL DE OFICINA (GOMAS,PORTAFIRMAS, BOLIGRAFOS, ROTULADORES ETC)
F/2020/693	O00002/2020	24/01/2020	2311	22106	40,00	GARCIA RODRIGUEZ, TRINIDAD	Mª SOLUCIÓN DE METADONA AL 1%. SPAD
F/2020/	2020/05	27/01/2	150	22706	1.573,00	ALVAREZ	HONORARIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E

694		020				GONZALEZ, OSCAR	ENXEÑERÍA. MES DE XANEIRO
F/2020/ 710	37	29/01/2 020	2312	22604	1.085,00	PEREZ PADRON, M ^a PURIFICACION	HONORARIOS LETRADA NA AREA DE IGUALDADE. MES DE XANEIRO 2020
					10.625,86		

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.